

MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E XUVENTUDE E A ASOCIACIÓN CASA DA MULLER PARA O FINANCIAMENTO DO PROXECTO "ALDEA MULLER" NO EXERCICIO 2023.

A Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o establecido no artigo 27.23 do Estatuto de autonomía de Galicia, en consonancia coa habilitación competencial outorgada ás comunidades autónomas polo artigo 148.1.20 da Constitución española, ten competencia exclusiva en materia de asistencia social polo que, na súa virtude, se aprobou a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

A Consellería de Política Social e Xuventude é o órgano superior da administración autonómica ao que lle corresponde as competencias en materia de servizos sociais, conforme ao Decreto 124/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica desta Consellería, e ten entre as súas funcións e competencias as relativas á atención das persoas maiores, e no marco desas competencias están comprendidas as funcións dirixidas ao fomento de programas e actividades de promoción da autonomía persoal, de promoción do envellecemento activo así como o fomento das relacións interxeracionais.

A Asociación Casa da Muller, entidade de natureza asociativa, figura inscrita no Rexistro Provincial de Asociacións, co número 2019/23323-1, tendo por finalidade, entre outras, a posta en valor das mulleres e a promoción das relacións interxeracionais.

A entidade figura recoñecida e inscrita como entidade de iniciativa social no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais co número E-7016.

Ambas partes son conscientes do fenómeno do envellecemento e despoboamento que se está producindo no rural galego e máis concretamente na Comarca de Bergantiños. Neste marco, no que a poboación de maiores aumenta, e dentro deste grupo de poboación as mulleres en número máis significativo, elévase o risco de illamento nos maiores que pasan unha gran parte do tempo en soidade nos seus fogares. Neste contexto é de vital importancia dotar de instrumentos para a participación social e o empoderamento das persoas maiores no rural e máis concretamente das mulleres maiores. Ditos recursos non serven só para a mellora da calidade de vida nun rango de idade, senón tamén para fomentar as relacións interxeracionais, por iso é preciso desenvolver programas que promovan o envellecemento activo, fomenten a súa integración e participación na sociedade, a través de medidas de apoio orientadas ao desenvolvemento deste tipo de proxectos por parte do tecido asociativo integrado polas entidades de iniciativa social que traballan na atención ás persoas maiores, dado que desenvolven unha importante labor complementaria á financiada a través dos recursos da Administración pública.

A Asociación Casa da Muller leva a cabo o proxecto "Aldea Muller" co que se pretende, por un lado, manter o impulso a unha serie de actividades culturais e educativas co obxecto de promover a participación activa da poboación maior na vida social e cultural, e por outro crear un espazo de encontro para os veciños, dirixido ás persoas maiores que viven soas.

No proxecto denominado "Aldea Muller", as persoas asistentes non reciben unha formación formal, non se pretende que o proxecto teña a filosofía de Universidade que ensine contidos teóricos propiamente ditos, senón que se pretende que teñan acceso a unha serie de contidos que no seu momento lles foron restrinxidos, e ao mesmo tempo, se



decaten do valor que elas teñen no mundo rural. Preténdese dar unha oportunidade de formación ás persoas que, tendo pouca formación regrada, foron e son capaces de transmitir cultura.

O obxecto do presente convenio é contribuír ao financiamento por parte de Consellería de Política Social e Xuventude dos gastos derivados da execución do proxecto da Asociación Casa da Muller, na aldea do Couto, en Ponteceso, no exercicio 2023, denominado "Aldea Muller", a través da concesión directa dunha subvención .

As actuacións subvencionables que forman parte do proxecto "Aldea Muller" durante o período de vixencia son:

a) Obradoiros de Informática; Música tradicional; Cociña; Cancioneiro; Teatro; Cestería; Aulas científicas; Pirogravado; Mindfulness; Costura; Conciliación. Nestas actividades a poboación maior logra obter coñecementos nestas actividades co obxecto de promover a participación activa na vida social e cultural.

b) Saídas culturais a Pontevedra, Ribeira Sacra, Mondoñedo e O Courel e ampliar coñecementos destas actividades culturais e educativas.

c) Conferencias sobre hábitos saudables e envellecemento activo cunha participación claramente activa da veciñanza en materias de nutrición, deporte e vida saudable, completándoo con ximnasia de mantemento e pilates, entre outros para beneficiarse dun envellecemento saudable.

As actividades lévanse a cabo na aldea do Couto en Ponteceso, tanto na sede da Fundación Eduardo Pondal como na Casa dos Veciños.

Os obradoiros das diferentes actividades lévanse a cabo na Fundación Eduardo Pondal na que conta con varias salas multiusos, sala de ordenadores e co servizo de bibliobar, no que os veciños poden ademais de tomar un café, facer uso do préstamo de libros, música e DVD.

Os participantes, aínda que algunhas actividades están abertas a veciños e veciñas de todas as idades, son as persoas beneficiarias do proxecto "Aldea Muller" son arredor de 150 persoas maiores de 50 anos, que non estean en activo e co seguinte calendario:

Luns: Música tradicional de 12 a 14 horas.

Martes: Calceta de 16:30 a 18:30 horas.

Mércores: Informática, cancionero e costura de 16:30 a 18:30 horas.

Xoves: Mindfulness de 16:30 a 18:00 e cociña de 18:00 a 19:00 horas.

Venres: Teatro, cestería e pirogravado de 16:30 a 18:30 horas.

Sábados: Conciliación e aulas científicas de 10:00 a 14:00 horas

Para o cumprimento da finalidade prevista deste convenio a Consellería de Política Social e Xuventude achegará dezaseis mil euros (16.000,00 €) que serán imputados á aplicación orzamentaria 13.05.312E.481.1 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia



para o ano 2023. Dita cantidade destinarase aos gastos correntes e de persoal necesarios para o desenvolvemento das actividades contempladas no convenio. Este financiamento terá vixencia desde o momento da sinatura do convenio ata o 31 de decembro de 2023, con efectos económicos desde o 1 de xaneiro de 2023.

Conforme aos requisitos previstos no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no 36 c) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Asociación Casa da Muller leva a cabo un proxecto de promoción da autonomía persoal co fin de promover un envellecemento activo e facilitar a relacións interxeracionais.

A especificidade do proxecto ven dada pola ausencia no ámbito territorial de aplicación de entidades alternativas que dispoñan da infraestrutura material e medios humanos esixibles que poidan atender as específicas necesidades inherentes ao colectivo ao que van dirixidas. Vai dirixido ás persoas maiores que residen nun ámbito eminentemente rural, o que lles dificulta o acceso a este tipo de actividades, razóns que xustifican a concesión directa dunha subvención.

A Casa da Muller mantén programas constantes que dan soporte e cobertura con alto índice de interese á poboación dos concellos de Ponteceso, cabana de Bergantiños, Laxe, Malpica de Bergantiños e Zas. Falamos, pois de integración.

Integración, prevención, autonomía persoal e asistencia é o carácter do proxecto "Aldea Muller" co que se busca o benestar, a conciliación, ofrecer recursos de proximidade e promover o envellecemento activo. Todo isto prevén situacións de dependencia, favorece a autonomía persoal e resolve o illamento social. É a única alternativa ao internamento en institucións ao favorecer o mantemento no medio social habitual e coas condicións óptimas de prevención da dependencia.

Así mesmo, as actuacións obxecto deste convenio, recollidas na súa cláusula primeira; a súa adecuación ao ámbito competencial da Consellería de Política Social e Xuventude que asume o seu órgano de dirección, a Dirección Xeral de Maiores e Atención Sociosanitaria, segundo o previsto no Decreto 59/2023 de 14 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, no Decreto 79/2023, de 26 de xuño, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia, e no Decreto 124/2022, do 23 de xuño, concretamente no seu artigo 24, onde se describen as competencias da Dirección Xeral de Maiores e Atención Sociosanitaria; e as específicas necesidades inherentes ao colectivo ao que van dirixidas, considéranse razóns que acreditan o seu interese social.

Polo tanto queda xustificada a concesión directa desta subvención, en aplicación do artigo 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, que permite establecer convenios a través dos cales se canalizan estas subvencións.

Asinado dixitalmente en Santiago de Compostela

O director xeral de Maiores e Atención Sociosanitaria

Antonio Acevedo Prado

